

# POR QUE ESTUDAR FRANCÉS?

## O FRANCÉS

O francés é un dos idiomas máis importantes no mundo:

- Fálase francés en 44 países (máis de 200 millóns de falantes)
- É lingua de traballo nos grandes organismos internacionais: ONU, Unión Europea, COI, UNESCO, Cruz Vermella, OCDE, OTAN, etc.
- É a 3ª lingua na Internet (antes có español)
- É o idioma do amor (“Je t’aime mon amour!”), da alta cociña, da moda e da cosmética.

## DENDE O PUNTO DE VISTA ACADÉMICO

En **1º e 2º de ESO** é obrigatorio estudar unha 1ª e unha 2ª lingua estranxeira. En 1º pódese escoller o francés como 1ª lingua aínda que non se estudara con anterioridade (pártese de cero).

En **3º e 4º de ESO** débese continuar coa 1ª lingua estranxeira escollida en 1º e a 2ª lingua estranxeira pasa a ser optativa e pódese escoller en 3º, en 4º ou en ambos cursos.

No **BACHARELATO** tamén é obrigatorio estudar unha 1ª lingua estranxeira, que poderá ser distinta da escollida na ESO (pódese cambiar a 1ª lingua estranxeira en 1º e en 2º de Bacharelato). A 2ª lingua estranxeira é tamén optativa nos dous cursos desta etapa.

## A OPTATIVA

O francés pódese estudar durante toda a ESO e o Bacharelato, en todos os itinerarios.

## FACILIDADE

É fácil para nós pola súa proximidade tanto ó galego coma ao castelán.

## O FRANCÉS NO BARRAL

Nas clases de francés xogamos, escoitamos cancións, cantamos, vemos películas en VOS, imos ao

teatro, imos de campamento, probamos pratos típicos (crêpes, galette de Rois, Sablés de Noël...).

## PROBAS ABAU

O alumnado que estuda dúas linguas estranxeiras poderá examinarse das dúas na **Selectividade**, aumentando a súa nota. (A 2ª lingua pondera **0,2** nas carreiras de Humanidades e Ciencias Sociais e mesmo nalgunhas de Ciencias).

## CICLOS, CERTIFICACIÓNS DE NIVEL E BOLSAS

O francés é útil para moitos ciclos formativos (Turismo, Comercio Internacional, Hostalería...).

Para facer un máster ou obter bolsas de estudo no estranxeiro (bolsas Erasmus) é obrigatorio ter un nivel B1 ou B2. Podes prepararte para os exames oficiais das EOI (Escolas Oficiais de Idiomas) e do DELF (Diploma de Estudos en Lingua Francesa).

## GRUPOS REDUCIDOS

Se escolles o francés como 1ª lingua estranxeira tes máis posibilidades de estar nun grupo reducido e polo tanto a atención é máis individualizada e persoal.

## A NIVEL LABORAL

Os idiomas son valorados positivamente para **ÉÉ** obter un posto en calquera empresa. Se ésta é francesa (Citröen, Carrefour, Decathlon, Alcampo...) ou con intereses en Francia ou países francófonos (Bélxica, Suíza, Magreb...) o coñecemento do francés valórase especialmente.